



**Concello de Tomiño**  
PONTEVEDRA

P-3605400-E  
Praza do Seixo  
Tel 986 622 001  
Fax 986 622 530  
C.P. 36740

tomino@concellos.depontevedra.es

CATALINA ECHEVARRIA BUADES, SECRETARIA CONCELLO DE TOMIÑO (PONTEVEDRA)

CERTIFICO

QUE A XUNTA LOCAL DE GOBERNO ÓRGANO COMPETENTE AO EFECTO, COA DATA DE 4 DE XANEIRO DE 2016 ADOPTOU O SEGUINTE ACORDO

**3.- BASES DESFILE DE COMPARSAS DA XIX EDICIÓN DO "VENRES DE FOLIADA" 2016**

Pola presente esa XGL órgano competeten ao efecto aproba as seguintes BASES :

- 1.- O Concello de Tomiño organizador do desfile de comparsas "Venres de Foliada" do ano 2016, abrirá o prazo de inscrición das comparsas dende o día 18 de xaneiro ao 22 de xaneiro, ambos os dous inclusive.
- 2.- Para a inscrición deberán cubrir o impreso que se facilitará no Concello e presentalo na oficina do Rexistro Municipal.
- 3.- A documentación requerida para a inscrición é a seguinte:
  - Impreso de solicitude.
  - Certificado de titularidade da conta do representante ou da comparsa.
  - Seguro de responsabilidade civil.
- 4.- O desfile terá lugar o venres 5 de febreiro ás 21:30 h. En caso de choiva realizarase o venres 12 de febreiro á mesma hora.
- 5.- As comparsas deberán estar formadas por un mínimo de 15 compoñentes.
- 6.- O número máximo de comparsas inscritas será de 20.
- 7.- En ningún caso unha comparsa ou grupo do Concello de Tomiño quedará fóra do concurso.
- 8.- As carrozas participantes no desfile non poderán exceder das seguintes dimensións, sen contar a cabeza do tractor: Longo: 8,00 m. ancho: 3,50 m. alto: 4,50 m.
- 9.- Non serán admitidas as comparsas con cabalos.
- 10.- O número de orde das comparsas no desfile será por rigoroso orde de chegada ao lugar de saída (RÚA AO LADO DO COLEXIO PEDRO CASELLES).
- 11.- A compensación económica para as comparsas participantes será a seguinte:

-Comparsas de 15 a 30 compoñentes e sen carroza:	100,00 €
-Comparsas de 31 a 45 compoñentes e sen carroza:	150,00 €
-Comparsas de 46 ou máis componentes e sen carroza:	200,00 €
-Comparsas de 15 a 40 compoñentes e con carroza:	200,00 €
-Comparsas de 41 a 60 compoñentes e con carroza:	300,00 €



**Concello de Tomiño**  
PONTEVEDRA

P-3605400-E  
Praza do Seixo  
Tel 986 622 001  
Fax 986 622 530  
C.P. 36740

tomino@concellos.depontevedra.es

-Comparsas de 61 a 80 compoñentes e con carroza: 400,00 €

-Comparsas de 81 ou máis componentes e con carroza: 500,00 €

O pago das compensacións económicas realizaranse mediante transferencia bancaria, previa presentación da factura correspondente no Departamento de Intervención do Concello de Tomiño (presentando certificación, se é o caso, da exención do IVE). Nos demais casos, as compensacións económicas estarán suxeitas as retencións que correspondan por normativa fiscal.

O prazo de presentación da factura será de 1 mes dende a celebración da festa.

12.- A participación implica a aceptación das presentes bases e está aberta a todas as asociación veciñais, culturais, xuvenís, grupos, colexios, etc.

13.- As cuestión de dúbida, interpretación ou imprevisto que xurdan no desenvolvemento deste desfile serán resoltas pola Concellería de Cultura.

E PARA QUE ASI CONSTE SE EXPIDE A PRESENTE CO VISTO E PRACE DA SRA ALCALDE SA COA SALVEDADE DO DISPOSTO NO ARTIGO 206 DO ROF EN :

Vº e Pr. TOMIÑO, 4 DE XANEIRO DO 2016  
A ALCALDESA A SECRETARIA

ASDO: SANDRA GONZÁLEZ ÁLVAREZ